

# AVIÓN DE PAPEL

Antón Cortizas







Ao final da tardiña case sempre me asomo na xanela do cuarto de estar, que dá a unha rúa que é peonil e acaba nunha das prazas máis lindas da cidade. Dende a fiestra vexo case toda a rúa, que é moi longa, e tamén case toda a praza, que é cadrada e grande.

Cando me debruzo na ventá fago sempre o mesmo: fíxome no primeiro vulto que aparece polo comezo da rúa, e non o perdo de vista ata que desaparece polo fondo da praza. Pouco a pouco a persoa váiseme definindo: primeiro

adiviño se é home ou muller, se é alta ou baixa, se é gorda ou delgada, se leva abrigo ou chaqueta, pantalón ou saia; e aos poucos tamén a súa vestimenta vai tomando cor e formas determinadas. Tamén sei se usa chapeu ou non, se leva lentes, se ten barba... Distingo se é loira, roxa ou morena... Despois, cando xa está moi cerca, véxolle a cara e as mans. Se leva algo adiviño o que leva: unha carteira, un bolso, un paquete, brincos nas orellas ou piercing pola cara... Observo o que fai e con quen ven, se fala ou non, a onde mira, os seus acenos... Por fin, véxoa por detrás e así ata que a súa silueta desaparece por calquera lugar da praza.

Un día asomeime na xanela, e, coma sempre, fixeime na primeira persoa que xurdiu pola última esquina da rúa. Acolá apareceu aquela muller. Bon, ao principio non souben se era muller ou home, só se sabía que levaba un vulto grande na súa man dereita. Semellaba unha maleta. Pouco a pouco funa definindo: era unha muller maior, mais non moi vella, nin alta nin baixa, máis ben delgada, de pelo curto, lentes pequenos, saia e chaquetón azul, mans delicadas, rostro agradábel.

Levaba a vista á fronte, e non parecía

importarlle nada de canto acontecía ao seu arredor. Achegábase paseniño rúa adiante e vin xa claramente que o que levaba na man non era unha maleta, senón unha caixa de madeira que parecía que lle non pesaba nada.

Pensei que axiña desaparecería pola praza, coma todos, pero de súpeto detívose de fronte á miña ventá. Daquela, abriu a súa caixa e, como por arte de maxia, converteuna nunha pequena mesa que pousou aló mesmo. A mesa tiña un caixón que eu non podía ver dende a miña atalaia.

A señora abriuno e sacou del unhas follas de papel branco e púxose a dobralas aló mesmo, enriba da mesa. Pregaba o papel e despregábao



con moita precisión e rapidez. Lembroume un ilusionista que estivese a facer maxia cunha baralla. Si, dobrou unha folla


de papel, deulle forma de pentágono, de triángulo despois, dobrouna unha e outra vez, marcou os

vincos coas unllas, desdobrouna, virouna, dobrou á dereita, deulle a volta de novo, así ata que o papel quedou convertido nun avión de anchas alas e morro bicudo. Por último, retorceu as ás de tal forma que parecían as dun paxa-ro. En canto o

acabou de facer pousouno delicadamente sobre a mesa. Mirou á xente que pasaba e sorriu sen dicir palabra.

Logo fixo outro avión algo diferente ao primeiro.

Non lle levou case nada de tempo. Pousouno tamén sobre a mesa, mirou para a xente e sorriu de novo sen dicir nada. E fixo un terceiro, e un cuarto, todos diferentes e perfectos de forma. E todos acabados en olladas doces e en sorrisos




silenciosos.

A xente ao pasar por diante dela minoraba o paso, viraba a cabeza, non dicía nada e seguía o seu camiño. Outros detíñanse uns segundos e esculcaban, sen se atreveren a achegarse á mesa. A muller, entón, colleu un dos seus avións de papel, agarrouno por abaixo con dous dedos, achegouno á boca, botoulle un alento cálido no morro, estirou o brazo e lanzouno a voar cara a arriba. Entón, foi cando as nosas olladas se cruzaron e ela se fixou en min. Sorriume ao descubrimme. Eu quixen devolverlle o sorriso, pero non puiden. O que pasou foi que me puxen toda colorada como se a muller me pillase cometendo algunha falcatuada.

Así, con vergoña, desviei a vista e seguí observando a traxectoria do avión. Subía e baixaba facendo ondas como as do mar, mais tan silencioso como a luz, como se fose impulsado por un motor a reacción de luces e sombras. Os farois da rúa xa estaban acesos e a sombra do avión camiñaba tan pegada ao chan que semellaba unha toupa. Logo, o avión de papel deu unha reviravolta e voou en sentido contrario, como se fose unha gaivota feita de retallos das nubes

## Avião de Papel



pillada nun remuíño de cristal. O seu voo estaba a durar máis do normal, e as poucas persoas que a esa hora pasaban pola rúa quedaban mirando ao avión e mais á muller.

Aínda que dende a ventá non se escoitaba o que dicían, algunha xente rumoreaba ao seu

compañeiro:

-Miña pobre, lanzando avións de papel coma se fose unha meniña...!

-É que alguén pode crer que vai vender algún avión de papel? Está tola.

-Vaites, é verdade o refrán que di que un vello é dúas veces neno. Malpocadiña!

Non, eu non sentía estas cousas, pero parecíame adiviñalo polo movemento dos beizos das persoas, e por algunha palabra solta que pillaba.

Eu creo que quen máis quen menos sentía mágoa por aquela personaxe. A min, sen embargo, pena non má daba, pois polo sorriso que me botara ao me descubrir na fiestra dérame a sensación de que era unha muller feliz.

O avión aterrou por fin, perto de onde fora lanzado. A muller anicouse, recolleuno e pousouno na mesa. Logo colleu outro avión e fixo o mesmo: acariñouno cos dedos, achegouno á boca e regouno co seu alento. O segundo avión, que tiña forma de frecha, remontou o voo coma unha aguiá, pasou por diante da miña xanela e case subiu ata o segundo andar. Outro sorriso da señora se cruzou coa miña curiosidade. Pero desta vez eu xa non corei. Tampouco me atrevín a sorrir aínda. O avión fixo


un bucle no ar e desde a maior altura que atinxiu descendeu lenta e largamente, coma un dardo, afastándose moito de onde fora lanzado. A muller recolleuno igual có anterior. Así fixo co resto dos avións: o terceiro parecía unha avioneta, o cuarto unha lanzadeira espacial, o quinto un planador, o sexto un papaventos... Era evidente que probaba o voo dos seus avións para asegurarse de que lle saíran ben feitos, ao tempo que pretendía chamar a atención sobre eles. Eu non tiña dúbida de que a muller era vendedora de avións de papel, por estraño que pareza. Como se quixese confirmar a miña suposición, a señora lanzou uns pregóns por primeira vez:

-Avións, avións de papel!

Pero ninguén fixo ademán de lle comprar nada. A ver se non...! Quen non sabe facer un avión de papel? Ademais, para que serve un avión de papel máis que para lanzar unhas poucas veces e logo esquecelo. Como vas pagar por algo que ti mesma podes facer.

Ben, así foi pasando o tempo. Cada vez pasaba menos xente e eu tiven que abandonar a miña atalaia pois os meus pais chamáronme a cear.


Sentei á mesa en silencio, mais non me




puiden aguantar e axiña contei:

-Hai unha señora na rúa que vende avións de papel -dixen aos meus pais.

-Como vai ser iso! Que parvada –exclamaron eles con sorna.





-É certo, ide ver, se non me credes.

E nin caso fixeron ao resto das miñas explicacións.

Ceei máis rápido ca nunca e regresei á xanela, pero a muller desaparecera. A rúa estaba deserta. Nin rastro da vendedora, nis rastro dos avións que un pouquiño antes sucaran o ceo diante da miña ventá. A rúa estaba deserta como se alguén lle puxera portas e as pechase.

Sentinme moi estraña, pois pensei que todo foran imaxinacións miñas, como se estivese fóra do

mundo. A voz da miña nai detrás de min, volveume á realidade.

-A ver, onde está a túa vendedora de avións de papel?

-Nai, estaba aí mesmo, enfronte, ao lado

do comercio. Tiña unha mesa e nela...

Non me deixou continuar.


-Anda, veña, déitate que é tarde. Mañá tes escola. Dorme rápido, que ao mellor te atopas coa muller esa nos teus soños.

Ao día seguinte na escola non lle contei a



ninguén o da vendedora de avións de papel. Nin sequer a os meus mellores amigos. A min mesma parecíame que nada diso ocorrera e que eu me deixara levar por unha fantasía estraña. Pero pola tardiña, no lusco e fusco, repetín o meu costume e debruceime na xanela a observar os primeiros vultos que aparecesen polo fondo da rúa.

Ese día o primeiro que pasou foi un can. Seguino coa vista igual que faría se fose unha persoa. Era un palleiro moi bonito; pero en vez de perderse pola praza adiante, un pouco antes de



chegar á miña casa deu media volta e escapou a todo correr rúa arriba. Entón volvín a vista ao seguinte vulto que dobraba a esquina. Recoñecino ao instante: era a muller dos avións de papel. E o mesmo có día anterior, colocouse na beirarrúa de fronte á miña xanela, abriu a mesa e dobrou novos aeroplanos, frechas e avionetas de papel.

Guindounos un tras outro a probar o seu voo grácil e lixeiro. E cando lles botaba o alento fixaba a súa vista en min e sorríame. Eu atrevínme por fin e devolvínlle o sorriso.

-Avións, avións de papel! –pregoou case sen atreverse.

A xente que pasaba reaccionaba do mesmo modo que o fixeran outras persoas o día anterior. Quen máis quen menos reparaba nela, pero ninguén lle compraba ningún avión.

Daquela, entráronme ganas de falarlle, de preguntarlle cousas, de comprarlle un avión. Coa desculpa de baixar o lixo, saín de casa e achegueime á muller. Púxenme diante dela, con disimulo, como quen que pasaba por aló; pero ao verme a muller sorriume con dozura, colleu un dos máis bonitos avións que tiña sobre a mesa, botoulle o seu alento e lanzouno contra a brisa. Eu seguino coa vista, e o

seu camiño levou os meus ollos ata as nubes que se estaban tinxindo de noite. Entón foi como se a boca se me abrise soa, e pregunteille sen máis reviravoltas:


-Canto custa ese avión?

-Non se vende –respondeume.

-Pero... entón esta mesa, estes avións, os seus pregóns...? Se os pregoa e non os vende, para que fai avións de papel? –pregunteille eu sorprendida.

-Para regalalos –afirmou a muller.

-Para regalalos?



-Pois si, son para agasallar.

-Eu non lle vin dar ningún a ninguén


-Non din ningún, porque ninguén mo pediu ata agora.

Entón eu apresureime a dicir:

-Eu quería un avión destes, podería darme?

-Pois claro, escolle o que máis che guste – díxome.

-Ese –díxenlle eu sinalando o avión que misteriosamente seguía a voar en círculos por enriba de nós, coma se estivese acaneado no colo da brisa.



-Ese?

Asentín coa cabeza. A muller revirou os ollos seguindo o avión coa vista, mais axiña dirixiu a mirada cara á esquerda e o avión de papel deixou de dar voltas e continuou a voar nesa dirección, teledirixido pola ollada da señora. Así, levándoo cos ollos a un lado e outro o avión acabou caendo aos meus pés.

Aquilo era cousa de meigas, pensei. A señora non podía ser outra cousa ca unha meiga. Si, iso pensei, mais non sentín medo ningún.


-Cólleo -díxome-. É teu.

Aniqueime e collín o avión. Imitei todos os movementos cerimoniais que ela facía para voalos. Belisqueino suavemente con dous dedos, acheguei o seu morro aos meus beizos e boteille o alento, que saíu da miña boca coma se fose fume. Estirei o brazo e guindeino a voar, pero o avión apenas deu medio xiro e caeu a dúas alancadas de min. Sentínme decepcionada.

-Ai, espera, é que lle falta algo. Como te chamas? -preguntoume de contado.

-Catuxa -respondínlle balbucindo.

-Ah, Catuxa... Déixame un momentinho o teu avión.



Eu entregueillo. A señora sacou unha estilográfica do caixón da mesa e en cada á do avión escribiu o meu nome con letra clara e moi adornada.

-Toma, proba agora. Lánzao a voar.

Collín o avión, boteille o alento no morro e lanceino contra o vento. O avión subiu lentamente e ao tempo que ascendía sentín unha máxica sensación. Notei que meu corpo me deixou de pesar. Os meus pés despegáronse do chan e os meus brazos

abríronse coma ás. Daquela comecei a subir e a subir, seguindo o voo sinuoso do avión. Comecei a ver as cousas dende as alturas. Volvín a cabeza cara a abaixo e vin que a señora me sorría sen dicir palabra. Pasei por diante das fiestras da miña casa e vin o interior do cuarto de estar, e sobrepasei o segundo andar. Voei tras do meu avión coma unha pomba sobre os tellados das casas, atravesei a praza desde a altura, cruceime cunha bandada de estorniños que debuxaron no ceo a miña silueta, e seguí subindo ata que me coei por unha regaña dunha nube. Sentíame máis lixeira co ar, tiña a sensación de que as miñas mans eran coma o vento, que os meus ollos eran volátiles coma o silencio. Podía estirar as pernas, dar pinchacarneiros sen apoiarme en nada, notaba que o mundo se desvanecía debaixo de min mentres o ar me apertaba sen apertarme.



Así sobrevoei toda a cidade ata que o avión comezou a descender, e eu tras del. Pouco despois aterrou ao pé da mesa, onde a señora me agardaba sempre sorrindo, e os meus pés pousáronse de vagariño na rúa.



En días sucesivos, a señora ensinome a construír avións de papel. Cando din aprendido varios modelos, a muller díxome:

-Fai voar os teus sorrisos.

E despediuse de min dicíndome que tardaría en volver. Dende entón eu dobro follas de papel en

branco, fago avións como aqueles e bótoos a voar dende a ventá do cuarto de estar. Pero antes escribollo con letra clara un nome nas ás: Antía, Rosalía, Manuel, Antonia..., cada día un diferente. Bótolle no morro o alento que me sae de fume, aínda que sexa verán, e guindo o avión no colo do vento. O aeroplano sobe canto quere e afástase de min buscando unha persoa que se chame como o nome que leva escrito. Búscaa por todas partes e cando a atopa dá unhas viraxes arredor da súa cara para capturarlle a ollada e levala ingrávida, ou sexa, sen pesar nada, a dar unha volta polo mundo que máis lle guste imaxinar.

E unha vez por mes fago un avión especial, con maior coidado. Escribollo unha interrogación nunha das ás, e na outra póñolle un infinito, que é un oito deitado. Así marcado, lánzoo contra o vento para que voe na procura da señora aquela que nunca máis volvín ver e da que nin coñezo o seu nome. Nunca recuperei ningún dos avións que lancei. Estou segura que é porque todos chegaron ao seu destino e aterraron a carón duns beizos que sorrían.



**(Todas as imaxes foron tiradas da internet.)**